

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 1 de agosto de 2016, adoptouse o seguinte acordo:

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN CORRESPONDENTE Á "CONTRATACIÓN DE RECUPERADOR AUTORIZADO PARA A RECEPCIÓN DO PAPEL CARTÓN RECOLLIDO NO TERMO MUNICIPAL" (AV 15/39) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.- Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mesa de Contratación, que textualmente di: "O día 4/04/2016, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Emprego e RRHH aprobou o expediente de contratación administrativa correspondente á **CONTRATACIÓN DE RECUPERADOR AUTORIZADO PARA A RECEPCIÓN DO PAPEL CARTÓN RECOLLIDO NO TERMO MUNICIPAL (AV 15/39)** xunto con outros acordos complementarios ao respecto da licitación.

O día 07/04/2016, publicouse anuncio de licitación no Perfil de Contratante, e o día 22/04/2016 no BOP (núm. 76) quedando o prazo de presentación de proposicións aberto ata o día 07/05/2016.

O día 11/05/2016 se incorpora ao expediente certificado de recepción de plicas, donde o xefe de negociado do Rexistro Xeral informa que para o presente procedemento presentaron proposición:

EMPRESAS	
1	SAICA NATUR, S.L.
2	TERRARECICLA, S.L.
3	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.

A Mesa de Contratación Permanente en sesión celebrada en data 26/05/2016 e tendo en conta que as tres ofertas presentadas cumpren coas esixencias do prego respecto á documentación a presentar no sobre A); co voto favorable de todos os vocais asistentes, as declarou inicialmente admitidas e de seguido, en acto público, procedeu á apertura dos sobres B) "**Referencias-Técnicas-criterios avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes**", resultando como segue:

Plica nº 1	SAICA NATUR SL	Que ofrece 12% á BAIXA con respecto ó prezo oficial publicado por ASPAPEL 1.01
Plica nº 2	TERRARECICLA SL	Que ofrece a porcentaxe con respecto ó prezo oficial publicado por ASPAPEL, consistente en 12, 1% por enriba do prezo medio publicado por ASPAPEL
Plica nº 3	COGAMI RECICLADO DE GALICIA SL (COREGAL)	Que ofrece a porcentaxe (á ALZA con respecto ó prezo oficial publicado por ASPAPEL): +3%

O expediente pasa a informe técnico respecto do criterio que o prego establece para este sobre:

Prezo: 100%. Prezo de venda referenciado como porcentaxe (á alza ou á baixa) con respecto ó oficial publicado por ASPAPEL100%

Na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 31/05/2016 dáse conta do informe técnico, que en data 27/05/2016, emite don Alberto Castro. No informe consta:

INFORME:

En relación coa avaliación das ofertas presentadas ao procedemento de CONTRATACIÓN DE RECUPERADOR AUTORIZADO PARA A RECEPCIÓN DO PAPEL CARTÓN RECOLLIDO NO TERMO MUNICIPAL, infórmase:

1. Que avaliáronse as ofertas presentadas polas empresas:
 1. SAICANATUR, que oferta unha baixa do 12% sobre os prezos fixados por ASPAPEL.
 2. TERRARECICLA que oferta +12,1% sobre o prezo fixado por ASPAPEL.
 3. COREGAL, que oferta un +3% sobre o prezo fixado por ASPAPEL.
2. Nestas condicións, fíxose a avaliación das ofertas mediante unha interpolación lineal entre 0 e o máximo das ofertas presentadas, puidendo elaborarse, deste xeito, a seguinte táboa, na que o 100 corresponde aos prezos fixados por ASPAPEL:

	Oferta	Puntos
SAICANATUR	88	78,5
TERRARECICLA	112,1	100,00
COREGAL	103	91,88

3. Sendo, polo tanto, a oferta presentada por TERRARECICLA a máis vantaxosa para o Concello.

Tendo en conta o anterior; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes:



- CLASIFICOU por orde decrecente, as tres proposicións presentadas e inicialmente admitidas.

ACORDOU REQUERIR á empresa TERRARECICLA SL por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles- que comenzarán a contar dende o día seguinte a aquél no que tivese recibido o requerimento- a presentación da documentación que o prego que rexe a contratación establece na súa cláusula 20. Advertíndolle, de acordo co establecido na cláusula 20.2, das consecuencias da non presentación da documentación requirida, da presentación fóra de prazo ou presentación defectuosa.

Na sesión celebrada pola Mesa de Contratación Permanente, en data 08/07/2016 deuse conta do requerimento cursado ao licitador clasificado no primeiro lugar, TERRARECICLA SL; do esixido na cláusula 20 do prego que rexe a licitación e da documentación presentada polo licitador en data 14/06/2016, dentro do prazo concedido.

A continuación deuse conta de que trala revisión da documentación presentada para acreditar a solvencia económica e financeira o viceinterventor manifestou verbalmente á Unidade de Contratación que as fotocopias das contas anuais presentadas están sen compulsar.

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

"Concederlle o prazo de UN DÍA HÁBIL co obxecto de que subsane o defecto defectado; advertíndolle de que, no caso de que non a presente, non se poderá admitir a súa oferta á licitación citada."

Na sesión celebrada pola Mesa de Contratación Permanente, en data 21/07/2016 deuse conta do requerimento cursado ao licitador clasificado no primeiro lugar, TERRARECICLA SL nos termos da acta da sesión anterior e unha vez verificado polo viceinterventor municipal que a empresa presenta a compulsas das contas anuais (anos 2013 a 2015) e certifica as contas correspondente ao ano 2014; a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

CALIFICAR favorablemente toda a documentación presentada e, en consecuencia, propoñer ao órgano de contratación á adxudicación da **Contratación de recuperador autorizado para a recepción do papel cartón recollido no termo municipal (AV 15/39)** a favor:

Polo todo o exposto, o presidente da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol propón ao Órgano de Contratación a adopción dos seguintes acordos:

-Primeiro: ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, a **CONTRATACIÓN DE RECUPERADOR AUTORIZADO PARA A RECEPCIÓN DO PAPEL CARTÓN RECOLLIDO NO TERMO MUNICIPAL (AV 15/39)** a favor da empresa TERRARECICLA, S.L. (PLICA N° 2) con (CIF-B-70032107) todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta

-Segundo: FORMALIZAR o contrato de acordo co establecido na cláusula 21.a) do prego de cláusulas administrativas particulares. É dicir, a formalización realizarase no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos."

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 3 de agosto de 2016.

O SECRETARIO XERAL ACCTAL.-

